



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Socioloxía do xénero	Código	615G01205	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Cobo Bedía, Rosa Fernández Suárez, Mónica Belén	Correo electrónico	rosa.cobo@udc.es belen.fernandez.suarez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A Socioloxía do Xénero aporta un marco de interpretación da realidade social da que carecen outras materias, dado que a variable xénero identifica fenómenos sociais específicos que son imposibles de identificar dende outros marcos interpretativos da realidade.</p> <p>Doutra banda, se está a abrir un novo espacio no mercado laboral que demanda técnicos e técnicas de igualdade, axentes de igualdade, etc. para os que a formación nesta materia é imprescindible.</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Lograr un marco cronolóxico que permita entender os estudos de xénero e o movemento feminista dende o inicio da modernidade (século XVIII) ata a actualidade (século XXI)2. Analizar as aportacións conceptuais dos estudos de xénero e da teoría feminista e identificar os cambios producidos nas ciencias sociais cando as mulleres se convertiron en obxectos e suxeitos da investigación social.3. Explicar que os efectos prácticos deste debate académico e da actividade política do movemento feminista se teñen traducido na creación e aplicación de políticas públicas de igualdade.			



Plan de continxencia

No caso que mor do COVID19 teñamos que pasar de docencia presencial a docencia non presencial teranse en conta este plano de continxencia:

1. Modificacións nos contidos

Os contidos teóricos da materia pasarán a ser impartidos de forma dixital a través da Plataforma TEAMS. As clases terán unha duración máis reducida por cuestións pedagóxicas, e asignaranse, material complementario para a correcta comprensión da materia.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

? Sesión maxistral

? Discusión dirixida

? Traballos tutelados (con Atención personalizada)

? Atención personalizada

*Metodoloxías docentes que se modifican

? Proba mixta (non se realizará, xa que a avaliación deste coñecemento se incorpora a metodoloxía dos ?Traballos tutelados? e leituras e reseñas de libros)

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

? Correo electrónico: Dúas veces por semana. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.

? Moodle: Semanalmente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.

? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Unha sesión semanal en pequeno grupo, para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.

4. Modificacións na avaliación

Traballos tutelados e lectura e reseña de libros (100%): En relación con estas tarefas valorarase:

- a) A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.
- b) A profundidade do contido.
- c) O dominio das técnicas de investigación na elaboración da investigación
- d) O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.
- e) A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.
- f) A presentación e a claridade da exposición.

*Observacións de avaliación:

Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, salvo que se elimina a proba obxectiva (exame), e esta porcentaxe da nota da avaliación pasa a sumarse ás porcentaxes dos traballos tutelados e entregaranse dúas recensións de libros.

REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.
2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados e reseñas de libros (2)).
3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique, e entregar as reseñas dos libros.
4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se producen modificacións na bibliografía da materia.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender o marco interpretativo da realidade social a partir da categoría de xénero, así como a identificación analítica da centralidade da desigualdade de xénero nas sociedades modernas e contemporáneas.	A1 A14 A21 A26 A34 A35 A36	B2 B3 B4 B6 B11 B13 B25 B27	C6 C7
Compromiso ético fronte a unha desigualdade, a de xénero, historicamente invisible para as sociedades, e identificación dos principios de liberdade, igualdade e universalidade como constitutivos da modernidade, así como recoñecemento de que a igualdade de xénero inscribese no marco dos dereitos humanos.	A1 A14 A21 A26 A34 A35 A36	B2 B3 B4 B6 B11 B13 B25 B27	C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A socioloxía do xénero e os estudos feministas.	A socioloxía do xénero e os estudos feministas. As mulleres como obxectos e suxeitos da investigación sociolóxica. A inviabilidade das mulleres na socioloxía clásica. O concepto de patriarcado na socioloxía.
Tema 2. Xenealoxía dos estudos feministas.	Xenealoxía dos estudos feministas: - O século XVIII: a primeira onda e o paradigma da igualdade. - O século XIX: a segunda onda e o movemento sufraxista. - O século XX: a terceira onda e o feminismo radical. -O século XXI: a cuarta onda e as novas vindicacións feministas.
Tema 3. Formas de socialización: prexuízos, estereotipos e roles.	Formas de socialización: prexuízos, estereotipos e roles. Axentes de socialización. Novas identidades de xénero. Novas masculinidades. Sexismo na linguaxe.
Tema 4. A familia patriarcal e o espazo privado-doméstico, tarefas reproductivas e de coidados.	A familia patriarcal e o espazo privado-doméstico, tarefas reproductivas e de coidados. Crise da familia patriarcal e xurdimento de novos modelos familiares.
Tema 5. As mulleres na educación.	As mulleres na educación. O currículo oculto de xénero. Educación afectivo-sexual. O imaxinario sexual e a pornografía nos adolescentes. Coeducación e políticas de intervención na aula.
Tema 6. Estratificación sexual no mercado de traballo e no ámbito privado-doméstico.	Estratificación sexual no mercado de traballo e no ámbito privado-doméstico. A división sexual do traballo e o traballo non remunerado das mulleres A contabilidade do traballo de balde: as contas satélites dos fogares.
Tema 7. Democracia, poder político e representación.	Democracia, poder político e representación. A orixe da democracia moderna e a exclusión das mulleres. Paridade e déficits de cidadanía. O teito de cristal nas institucións políticas e noutras organizacións.



Tema 8. A violencia contra as mulleres.	A violencia contra as mulleres. Causas estruturais, manifestacións e efectos sociais. O acoso sexual. Prostitución, pornografía e ventres de alugueiro. Os feminicidios e as novas formas de violencia patriarcal no capitalismo global.
Tema 9. Políticas públicas de igualdade.	Políticas públicas de igualdade. Políticas específicas e mainstreaming de xénero. Aplicacións prácticas das políticas institucionais de igualdade: plans de igualdade, informes de impacto de xénero e orçamentos con perspectiva de xénero.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A14 A26	30	0	30
Traballos tutelados	A1 A21 A35 B3 B6 B13 B25	1	50	51
Proba de ensaio	A34 A36 B3 B11 C6 C7	2	32	34
Discusión dirixida	B2 B4 B27	5	0	5
Estudo de casos	A1 A14 A21 A36	5	0	5
Proba obxectiva	A1 A21 B3 B6 B13	2	0	2
Lecturas	A1 A14 A21 A35 B27	0	22	22
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	É a explicación do profesor dos contidos da materia na aula. Normalmente apoiarase en soporte visual. ATENCIÓN: As clases son para entender os conceptos e as teorías e expor posibles dúbidas sobre os mesmos. Por esa razón é necesario ter lidos os textos sobre os que se falará en clase. ESTES TEXTOS SON O MATERIAL A PARTIR DO CAL SE AVALIARÁN Os COÑECEMENTOS
Traballos tutelados	O traballo teórico a desenvolver será tutelado pola profesora dende a elección de tema ata a supervisión da súa realización. Nel se desenvolverá un tema relacionado co temario
Proba de ensaio	Examen ou validación dos contidos expostos en clase.
Discusión dirixida	Realizaranse discusións dirixidas na aula a fin de debater sobre conceptos e realidades sociais relevantes para a socioloxía do xénero.
Estudo de casos	Analizaranse casos concretos de desigualdade de xénero coas ferramentas conceptuais, xurídicas e políticas existentes para cada caso proposto.
Proba obxectiva	Avaliaranse algúns contidos con probas obxectivas: exames, resumos de textos, etc.
Lecturas	Iranse indicando unha serie de lecturas recomendables e outras básicas. Asimesmo, recoméndase a consulta da bibliografía básica do temario da asignatura.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados	A atención persoalizada se realizará na titorización do/s traballo/s tutelado/s. Por outra banda se atenderá individualmente ao alumnado sempre que sexa preciso ó longo do curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A1 A21 A35 B3 B6 B13 B25	Traballos obrigatorios na aula.	20
Proba de ensaio	A34 A36 B3 B11 C6 C7	Realizarase un examen obrigatorio de todo o temario.	80

Observacións avaliación

O exame terá un peso do 80% na nota final. É obrigatoria a asistencia a clase.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Alberdi, Inés (2006). La transformación de las familias. La influencia del feminismo en los cambios familiares. Arxius: 15, pp. 25-40
- Bosch-Fiol, E.; Ferrer-Pérez, V. A. (2012). Nuevo mapas de los mitos sobre las violencias de género en el siglo XXI. *Psicothema* 2012, 24, 4, 548-554
- Castro García, Carmen (2017). Políticas para la igualdad permisos por nacimiento y transformación de los roles de género. Madrid: Catarata
- Cobo Bedia, Rosa (2017). La prostitución en el corazón del capitalismo. Madrid: Catarata
- Cobo, Rosa (2019). La imaginación feminista: Debates y transformaciones disciplinares. Editorial Catarata
- Cobo, Rosa ; Ranea Triviño, Beatriz (2020). Breve diccionario de feminismo. Madrid: Catarata
- Connell, R. W. (2001). Educando a los muchachos: nuevas investigaciones sobre masculinidad y estrategias de género para las escuelas. *Nómadas*, 14, pp. 156-171
- Díaz Martínez, C.; Dema Moreno, S.; Finkel Morgenstern, L. (2016). Desigualdades de género en la distribución de los recursos económicos en las parejas. *Papers: revista de sociología*, Vol. 100, Nº 1, 2015, págs. 53-73
- Durán Heras, M. Á. (2005). El trabajo no remunerado y las familias. *Aequalitas. Revista Jurídica de igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres*, 17, pp. 47-59
- Fraser, Nancy (2015). *Fortunas del Feminismo*. Editorial Traficante de Sueños: Madrid
- Freeman, J. (1989). La tiranía de la falta de estructuras. En C. Amorós (ed.) *Mujeres, feminismo y poder*. Madrid: Forum de Política Feminista
- Lerner, Gerda (2017). La creación del patriarcado. Navarra: Katakarak
- Lombardo, E.; León, M. (2014). Políticas de igualdad de género y sociales en España: origen, desarrollo y desmantelamiento en un contexto de crisis económica. *Investigaciones Feministas*, pp. 13-25
- Marugán Pintos, B.; Vega Solís, C. (2002). Gobernar la violencia: apuntes para un análisis de la rearticulación del patriarcado. *Política y Sociedad*, 329, pp. 415-435
- Millet, Kate (2017). *Política sexual*. Editorial Cátedra: Valencia
- Miyares, A. (2006). Educación y sexualidad. *Educación en la ciudadanía: perspectivas feministas* (pp. 107-122). Madrid: Catarata
- Torns, T. (2011). *Las mujeres y el empleo en España. ¿Un futuro venturoso? Retos y oportunidades para la igualdad de género*. FOREM: Madrid
- Sánchez Bello, Ana; Iglesias Galdo, Ana (2006). Currículum oculto en el aula: estereotipos en acción. En R. Cobo (coord.) *Educación en la ciudadanía: perspectivas feministas* (pp. 123-149). Madrid: Caterata
- Pazos Morán, María (2013). *Desiguales por ley. Las políticas públicas contra la igualdad de género*. Madrid: Catarata
- Pateman, Carole (2019). *El contrato sexual*. Editorial Ménades
- Posada Kubissa, Luisa (2019). *¿Quién hay en el espejo?*. Editorial Cátedra: Valencia
- Alberdi, Inés (Ed.), *Informe sobre la situación de la familia en España*, Ministerio de Asuntos Sociales, Madrid, 1995.
- Amara, Fadela y Zappi, Sylvia, *Ni putas ni sumisas*, Madrid, Cátedra, 2004.
- Amorós, Celia (Dir.); *Diez palabras clave sobre mujer*, Pamplona, Editorial Verbo Divino, 1995.
- Amorós, C. y Miguel, A. de. (eds): *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*, volúmenes 1, 2 y 3, Madrid, Minerva Ediciones, 2005.
- Astelarra, Judith: *Veinte años de políticas de igualdad*, Madrid, Cátedra, 2005.
- Bosch, E. y Ferrer, V.A. (2002). *La voz de las invisibles. Las víctimas de un mal amor que mata*. Valencia: Ed. Cátedra. Colección *Feminismos*.
- Bourdieu, Pierre: *La dominación masculina*, Barcelona, Anagrama, 2000.
- Cobo, R.: *¿El género en las ciencias sociales?*, en *Cuadernos de Trabajo Social*, nº 18, 2005.
- Cobo, R.: *Educación en la ciudadanía. Perspectivas feministas*, Madrid, Libros de la Catarata, 2008.
- Cobo, R.: *Hacia una nueva política sexual*, Madrid, Libros de la Catarata, 2011.
- Carrasco, Cristina y otras, *Malabaristas de la vida. Mujeres, tiempos y trabajos*. Barcelona, Icaria, 2003.
- Castells, Manuel, *La era de la información*, vol.I, II y III, Alianza Editorial, Madrid, 1996.
- Díaz, Capitolina, *Dinero, amor e individualización*, Oviedo, KRK, 2004.
- Díaz, Capitolina y Dema, Sandra, *Sociología y género*, Madrid, Tecnos, 2013.
- Durán, María de los Ángeles (ed.): *Mujeres y hombres en la formación de la teoría sociológica*, Madrid, CIS, 1996.
- Durán, María de los Ángeles: *El valor del tiempo*, Madrid, Espasa, 2007.
- Giddens, Anthony: *Sociología*, Madrid, Alianza, 2001.
- Informe del lobby europeo de mujeres Beijing + 10. Póde descargarse en: http://www.mujeresenred.net/article.php3?id_article=97
- Izquierdo, Mª Jesús (1998). *El malestar en la desigualdad*. Madrid: Cátedra. Colección *Feminismos*.
- Manier, Bénédicte, *Cuando las mujeres hayan*

desaparecido, Madrid, Cátedra, 2007. Miedzian, Myriam, Chicos son, hombres serán. Cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia, Madrid, Horas y horas, 1995. Murillo, Soledad: El mito de la vida privada, Madrid, Siglo XXI, 1996. Ritzer, Georg: Teoría Sociológica Contemporánea, McGraw-Hill, Madrid, 2001. Saltzman, Janet: Equidad y género, Madrid, Cátedra, 1992. Soledad Murillo, El mito de la vida privada, 1996, Siglo XXI. Subirats, Marina: ¿Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta?, en González, Ana y Lomas, Carlos (eds.): Mujer y educación: educar para la igualdad, educar desde la diferencia, Barcelona, Graó, 2002. Tobío, Constanza, Madres que trabajan, Ed. Cátedra, col. Feminismos, Madrid, 2005. Torns, Teresa, ¿El trabajo y el cuidado: cuestiones teórico-metodológicas desde la perspectiva de género?, en Empiria. Revista de Metodología de las Ciencias Sociales, enero-junio de 2008. Valcárcel, Amelia: La política de las mujeres, Cátedra (Feminismos), Madrid 1997.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Cobo, Rosa (2019). El imaginario pornográfico como pedagogía de la prostitución. Oñati socio-legal series, 9, 1, pp.6-26- Cobo, Rosa (2019). La cuarta ola feminista y la violencia sexual. Paradigma: revista universitaria de cultura, 22, pp. 134-138- Adán, Carme (2019). Femicidio . Editorial Bellaterra: Barcelona- Mies, María (2019). Patriarcado y acumulación a escala mundial. Traficantes de sueños: Madrid- Ranea Triviño, Beatriz (2019). Feminismos. Antología de textos feministas para uso de las generaciones más jóvenes, y de las que no lo son tanto. Editorial Catarata: Madrid
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á socioloxía/615G01103

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Socioloxía da familia/615G01305

Materias que continúan o temario

Acción colectiva e cooperación social/615G01416

Observacións

Recomendacións:1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarse en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarse a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizarse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarse linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas7. Facilitarse a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías